

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Sesión do 23 de outubro de 2006

SEÑORES/AS ASISTENTES:

D^a. Corina Porro Martínez
D. José Manuel Figueroa Vila
D^a. Lucia Molares Pérez
D. Javier Jorge Guerra Fernández
D. Carlos Comesaña Abalde
D. José Manuel Couto Pérez
D^a. Marta Iglesias Bueno

NON ASISTEN:

D. Antonio Coello Bufill
D. Ignacio López-Chaves Castro.
D^a. Soledad Polo Lima

Na Casa do Concello de Vigo, ás doce horas e trinta e cinco minutos do día vinte e tres de outubro de dous mil seis e baixo a presidencia da Excma. Alcaldesa, Sra. Porro Martínez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Molares Pérez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están presentes por invitación, o titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sr. Lorenzo Penela, o interventor xeral, Sr. González Carnero, titular da Asesoría Xurídica, Sr. Rivas Romero.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1478).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión extraordinaria e urxente do 30 de agosto de 2006 e a sesión ordinaria do 4 de setembro de 2006. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila da Sra. alcaldesa-presidenta.

2(1479).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO-REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO PARA A CELEBRACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS CON MOTIVO DO SEU CENTANARIO 2006. EXPTE. 3430/101.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 6.09.06 e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral e xefe de Relacións Públicas, do 29.08.06, conformado polo concelleiro delegado de Facenda e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio para a celebración de diversas actividades culturais no ano 2006 con motivo do seu centenario, entre o Concello de Vigo e o Real Clube Náutico de Vigo, que de seguido se transcribe.

2º.- Aprobar o gasto de 20.000 euros a favor da entidade; Real Clube Náutico de Vigo, con CIF: G-36612752. Con enderezo en Avenidas, s/n- Vigo 36210. (c/c: 0049-0557-78-2710046976 con cargo á partida a crear no capítulo IV do programa 111.0 (dotacións grupos políticos e subvencións), e isto contra presentación da facturas orixinais ata completar a totalidade da cantidade prevista no presente convenio unha vez rematado o evento.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CLUB NÁUTICO DE VIGO PARA A CELEBRACIÓN DE DIVERSAS ACTIVIDADES CULTURAIS CON MOTIVO DO SEU CENTENARIO- 2006.

No Concello de Vigo, a de do dous mil seis.

Dunha parte: D. Corina Porro Martinez, Alcaldesa de Vigo.

E doutra: D. Franco Cobas González, con DNI 35.889.951S, en nome e representación do Real Club Náutico.

Ámbalas dúas partes recoñécese mutuamente con capacidade e competencia para formalizar o presente Convenio.

EXPOÑEN :

Que, o Real Clube Náutico de Vigo está a celebrar durante o ano 2006 o centenario da súa Fundación con diversas actividades culturais, sociais e deportivas .

Que, o Excmo. Concello de Vigo, habida conta a historia da sociedade a a longa traxectoria de colaboración existente entre esta instirución e este Excmo. Concello, está interesado en participar dun xeito directo nesta celebración e, a este efecto nomeou a este Real Clube Náutico Medalla da Cidade. Asemade e, polo interese sociocultural destas actividades que se mencionan en folla xunta colaborará a medio deste convenio co establecemento das seguintes:

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA,- A lexislación aplicable a este convenio é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións; o Real Decreto 2225/1993, de 17 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para a concesión de subvencións públicas, en canto non se opoña ó establecido na LXS; as normas de desenvolvemento da LXS que se aproben, nos termos da súa aprobación; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo paro a o ano 2006; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

En canto a subcontratación das actividades subvencionadas estarase conforme o establecido no artigo 29 da LXS.

Esta subvención ten un clara carácter de interese público e social polo que a súa concesión se acolle o previsto no artigo 22 2C da Lei 38 de 2003 da LXS.dada a importancia desta manifestación deportiva e a asistencia masiva de público.

Por outra banda se lle reconece a esta entidade capacidade organizativa para desenvolver as actividades culturais mentadas, polo que non cómpre aplicar os principios de publicidade e concorrencia.

A subvención que regula este convenio non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se trata dunha ocasión única (centenario deste Clube).

O Real Clube Náutico de Vigo para obter a condición de beneficiario deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 13 de LXS.

SEGUNDA: O Excmo. Concello de Vigo comprométese a:

Aboar o Real Clube Náutico de Vigo co obxectivo de colaborar no financiamento dos gastos relacionados coa organización e celebración das devanditas probas a cantidade de 20.000 euros, con cargo á partida á crear no capítulo IV, programa 111.0 (gastos corporativos e subvencións), importe que abonarase coa certificación do técnico do servizo de Protocolo e a presentación de facturas orixinais unha vez rematados os eventos.

TERCEIRA.- O Real Clube asume as seguintes obrigas:

1.-Organizar os actos que figuran en folla xunta durante o ano 2006, asumindo as responsabilidades sobre os medios a utilizar, aboando os importes dos custes dos actos, cuxas facturas presentaranse neste Concello. A coordinación e montaxe destes actos será tamén de conta do Real Clube Náutico, e asemade a solicitudes dos permisos necesarios.

2.- En tódala información e publicidade do evento figurará o logo do Concello de Vigo así coma nos programas que se editen.

3.- Cumprir tódalas normas establecidas no clausurado do convenio

4.-Tódolos medios de promoción e difusión, deberán empregar o Galego como Idioma oficial nestes eventos culturais.

CUARTA: O seguimento da execución do presente Convenio será realizado polo departamento de Protocolo e Relacións Públicas deste Excmo. Concello de Vigo,

A aceptación por parte do R.C. Náutico de Vigo da subvención implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades sen fin de lucro.

O órgano instructor poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

Unha vez concedida a subvención, o Concello de Vigo a través dos seus servizos municipais, poderá comprobar o correcto destino da subvención, procedendo de se lo caso, á revogación da subvención outorgada e a inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axudas do Concello de Vigo.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte dos adxudicatarios das obrigas sinaladas no dito artigo 14 da LXS.

QUINTA: A vixencia do presente convenio é para a realización das seguintes probas deportivas o longo do ano de 2006.

SEXTA: A Alcaldía queda facultada para solucionar posibles controversias derivadas da execución e interpretación do convenio.

SÉTIMA: As causas de reintegro da subvención será as que se determina no artigo 37 da LXS.

OITAVA: O R.C.Náutico deberá comunicar o Concello de Vigo calquera subvención que reciba para a organización das devanditas probas.

Así o conveña no lugar e data no encabezamento expresados e asinan por duplicado o presente documento.

3(1480).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 2 DE VIGO NO R.C.A. Nº 112/2006 INTERPOSTO POR D. ROSENDO COVELO SERTAL CONTRA INEXECUCIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA SOBRE ORDE DE EXECUCIÓN DE MEDIDAS CORRECTORAS A CONFITERÍA DA RÚA ENRIQUE LORENZO. ESTIMADO.

Dáse conta a Sentenza de data 1.09.06 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Que debo estimar e estimo a demanda formulada polo letrado D. Carlos Potel Lesquereux, en nome e representación de Rosendo Covelo Sertal, contra a inactividade do Concello de Vigo por inexecución da resolución da Alcaldía de data 5.03.99, dictada no expediente 196/95/405, condenando ó concello de Vigo a que en prazo de quince días hábiles dende a notificación da presente resolución leve a cabo, por execución subsidiaria, o selado dos respiraderos e os ventanucos que se reflicten nas fotografías acompañadas ós informes técnicos obrantes no expediente, con expresa imposición de custas ata a cantidade máxima, por todos os conceptos, de 900 €.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ao departamento municipal de Medio Ambiente e a Intervención Xeral do Concello.

4(1481).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. 02/06 INTERPOSTO POR HBF AUTO RENTING S.A. CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. ESTIMADO.

Dáse conta a Sentenza de data 29.09.06 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, interposto contra resolución do concelleiro delegado de Seguridade do Concello de Vigo confirmatoria en alzada da resolución dictada no expediente número 1049934473 pola que se lle impón á empresa unha sanción por infracción do artigo 72.3 LSV. A sentenza falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de HBF Auto Renting S.A. fronte ó Concello de Vigo seguido como P.A. 02/06, contra a resolución snacionadora arriba indicada, que se declara contraria a Dereito, e se anula, coa conseguinte condena á Administración municipal demandante a devolver á empresa a contía da sanción, de ter sito abonada, xunta cos xuros correspondentes, todo iso sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Tráfico e Recadación municipal.

5(1482).- SENTENZA DO X.CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 370/05 INTERPOSTO POR POMPAS FÚNEBRES SANTA CRISTINA S.L. EN RELACIÓN COA IMPOSICIÓN DE SANCIÓN POR DA ORDENANZA FUNERARIA MUNICIPAL. ESTIMADO.

Dáse conta a Sentenza de data 29.09.06 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso-administrativo formulado por POMPAS FÚNEBRES SANTA CRISTINA S.L. fronte ó Concello de Vigo contra a resolución do concelleiro delegado do Área de Asuntos Sociais do Concello de Vigo de 22.12.2004 desestimatoria do recurso de reposición interposto pola empresa POMPAS FÚNEBRES SANTA CISTINA S.L. fronte a resolución sancionadora dictada polo Concello, ó considerala autora dunha infracción do artigo 22.4.h) da Ordenanza Xeral Reguladora da Actividade funeraria no término municipal de Vigo (BOP de 15.11.2000) por operar dentro do término municipal de Vigo clandestinamente sen contar coa licenza ou autorización no seu caso que esixe a Ordenanza no seu artigo 5, que se anula de acordo cos pronunciamentos desta Sentenza, por considerar ilegal o inciso cuarto do artigo 18 da Ordenanza.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó departamento de Acción Social.

6(1483).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 360/05 INTERPOSTO POR D. RAFAEL OJEA PÉREZ CONTRA RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL DO 18.07.05 SOBRE CESAMENTO DE PERSOAL E ADSCRICIÓN PROVISORIAS A POSTOS DE TRABALLO. DESESTIMADO.

Dáse conta a Sentenza de data 15.09.06 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto por Rafael Ojea Pérez, contra resolución de data 18.07.05, dictada pola Alcaldía-Presidencia do Concello de Vigo, pola que se acorda o cesamento do actor na praza de xefe da Unidade de Patrimonio Histórico, adscribiéndolo provisionalmente ó posto de “coordinador do Servizo de Benestar Social” así como o simultáneo cesamento de María Gómez Janeiro no citado posto e a súa adscripción de forma provisional ó que viña ocupando o actor; resolución que confirmo, ó entendela axustada a dereito. Sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó departamento de Acción Social.

7(1484).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 95/06 INTERPOSTO POR D. JOSÉ MARÍA LORENTE ESTEBAN CONTRA RESOLUCIÓN DO COMITÉ EXECUTIVO DO CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO DESESTIMATORIA DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

Dáse conta a Sentenza de data 13.09.06 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia interposto contra resolución do Comité Executivo do Consorcio da Zona Franca de Vigo de 26.04.06 desestimatoria da reclamación formulada por José María Lorente Esteban sobre responsabilidade patrimonial a fin de que se lle indemnizara polos danos e perdas sufridos polo seu vehículo o día 25.01.04 ó colisionar contra a isleta recién instalada na avda. Alcalde Portanet, número 40 de Vigo. A sentenza falla o seguinte:

Desestimo o presente recurso contencioso-administrativo interposto pola representación procesual de José María Lorente Esteban fronte ó Consorcio da Zona Franca de Vigo seguido como P.Abreviado nº 95/06 contra a resolución arriba indicada, que se declara conforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza.

8(1485).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 22/2006 INTERPOSTO POR D. NORMAN LAGO ALONSO CONTRA SANCIÓN DE TRÁFICO. ESTIMADO.

Dáse conta a Sentenza de data 29.09.06 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que falla o seguinte:

Estimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola representación de Norman Lago Alonso interposto fronte ó concello de Vigo, contra a resolución do concelleiro de Seguridade do Concello de Vigo recaída no expediente 058641887 pola que se impuxo ó recorrente unha multa de 150 € pola suposta infracción do artigo 91.2 h) do Regulamento Xeral de Circulación, que se declara contraria a Dereito coa conseguinte condena á Administración demandada a devolverlle a cantidade da multa, de ter sito aboada, mais os xuros correspondentes. Todo iso sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó Servizo de Tráfico, Mobilidade e Seguridade e Recadación municipal.

9(1486).- SENTENZA DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 DE VIGO NO R.C.A. Nº 385/2005 INTERPOSTO POR Dª. MARIA PILAR GARZA CARBALLO E JAVIER LAGO GARZA CONTRA DESESTIMACIÓN DE RECLAMACIÓN DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL. DESESTIMADO.

Dáse conta a Sentenza de data 29.09.06 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia interposto contra resolución da Xunta de Goberno local de 26.07.05 desestimatoria da reclamación en concepto de responsabilidade patrimonial formulada por María Pilar y Javier Lago Garza polos danos e perdas sufridos con motivo dun accidente o 14.04.03 que sufriu o segundo ós mandos do vehículos propiedade da primeira, Peugeot 307 matrícula 4118BGL cando circulaba pola avda. de Castelao cara á Gran Vía na entrada ó túnel da Praza América, ó pasar por riba dunha focha na calzada. A sentenza falla o seguinte:

Desestimo o presente recurso contencioso-administrativo interposto pola representación procesual de María Pilar Garza Carballo e Javier Lago Garza fronte ó Concello de Vigo seguido ante este Xulgado como P.A. 385/05, contra a resolución arriba indicada, que se declara conforme a Dereito, sen pronunciamento en materia de custas.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido da sentenza da que deberá darse conta ó departamento de Patrimonio e Contratación.

10(1487).- AUTO DO X. CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº1 DE VIGO NO P.A. 480/2005 INTERPOSTO POR VIGUESA DE TRANSPORTES S.A. (VITRASA) CONTRA O CONCELLO DE VIGO. DESESTIMENTO.

Dáse conta do Auto de data 15.06.06 dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso de referencia, que dispón o seguinte:

Que debía acordar e acordaba ter a D. Manuel Castells López en nome e representación de Viguesa de Transportes S.A. (Vitrassa), por apartado e desistido na prosecución do presente procedemento.

A Xunta de Goberno local queda enterada do contido do auto.

11(1488).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 2/1570, 1/1980, 1/441, 1/1588, 12/1547, 12/1537, 12/1076, 3/1229/301, 1/1765, 23/820, 23/1454, 22/1777, 22/1676, 11/699, 13/1468, 13/0018, 13/1473, 1/1010.

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe de Sector de Acción social, conformados pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de axuda no Fogar ás persoas que de seguido se relacionan:

- D. Carlos Comesaña Vila. Expte. 2/1570.
- D^a. Enriqueta Alonso Alvarez. Expte.1/948.
- D^a. Leonisa González Abreu. Expte. 1/441.
- D. Fermín Higuera Hernández. Expte. 1/1588.
- D^a. Encarnación Bahamonde Vicente. Expte. 12/1547.
- D^a. Angeles Rivas Quintana. Expte. 12/1537.
- D^a. Concepción Alvarez López. Expte. 12/1076.
- D^a. M^a. Carmen Rial Fernández. Expte. 03/1229.
- D^a. Rosa Castro Lorenzo. Expte. 01/1765.
- D^a. Dolores Mariño Ramos. Expte. 23/820.
- D. Antonio Mintegui Landaluce. Expte. 23/1454.
- D^a. Ilda Iglesias Costa. Expte. 22/1777.
- D^a. Trinidad Martínez Fernández. Expte. 22/1676.
- D^a. M^a Osoria Salgado Álvarez. Expte. 11/699.
- D^a. Carmen Tizón Rodríguez. Expte. 13/1468.
- D^a. M^a. Elisa González Cal. Expte. 13/0018.
- D. Bernardino Valcarcel Vila. Expte. 13/1473.
- D^a. Marina Vázquez Estévez. Expte. 01/1010.

12(1489).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CENTRO DE DÍA PARA PERSOAS MAIORES: ALTA. EXPTE. 2/1684.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe de Sector de Acción social, do 11.10.06, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Conceder a prestación do Servizo de Centro de día para persoas maiores a D^a. Asunción Pérez Fructuoso. Expte. 2/1684.

13(1490).- CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN INFRAVIVENDA RURAL DO IGVS PARA REPARACIÓN DE VIVENDA EN BEADE. EXPTE. 17104/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da xefa de Sección de Coordinación, do 18.10.06, conformada pola delegada da Área de Participación Cidadá e pola Excma. Alcaldesa, que di o seguinte:

Examínanse as actuacións do expediente 11273/301 e o acordo da Xunta de Goberno Local de data 14 de febreiro de 2005 polo que se acorda solicitar ao Instituto Galego da Vivenda e Solo, o abeiro do Decreto 233/2003 de 3 de abril polo que se regulan as axudas aos Concellos para infravivenda rural, as subvencións a fondo perdido que poida corresponder, segundo orzamento de 31.754,18€ presentado a nome da beneficiaria Dna Alicia Alfaya Alfaya , aceptando os termos da disposición e de conformidade coa memoria,orzamento e prazo presentado para a actuación que se solicita.

Con data 28 de outubro do 2005 recibíuse aprobación inicial do IGVS por un importe total 31.754,18€,sendo a subvención a fondo perdido de 20.000,00€ e cun prazo de execución de 12 meses.

A partir da aprobación inicial, formalizaronse as obras de rehabilitación de infravivenda por parte dos servizos técnicos correspondentes, e así consta no expediente, a acta de recepción das obras de acondicionamento de infravivenda rural do cño Sumata nº 7 Beade da que é titular Dna Alicia Alfaya Alfaya, recoñecendo que as obras executáronse de acordo co proxecto e que se atopan en perfecto estado para a súa recepción.

A empresa que executou as obras, Construccións Sito y Fernández S.L., presentou certificación de execución total das obras, conformada pola oficina de rehabilitación de Concello de Vigo por un importe total de 31.754,18 euros.

Tendo en conta o anterior proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Refrendar a aceptación da subvención concedida polo Instituto Galego da Vivenda e Solo para infravivenda rural.

2º Subvencionar á vista das circunstancias familiares e sociais da solicitante con cargo á partida 780000 do programa 3130 de Benestar Social habilitada por modificación de crédito 104.05 o orzamento protexido segundo a distribución seguinte:

<u>Orzamento Protexido</u>	<u>Subvención IGVS</u>	<u>Aportación Concello</u>
31.754,18	20.000,00	11.754,18

3º.- *Aproba-la acta de recepción das obras de acondicionamento da vivenda situada no cño Sumata 7 Beade da que é titular Dna. Alicia Alfaya Alfaya*

4º.- *Aproba-la execución total das obras de acondicionamento da vivenda situada no cño Sumata 7 Beade da que é titular Dna. Alicia Alfaya Alfaya.*

5º.- *Aproba-lo gasto de 31.754,18€, importe total das obras que serán subvencionadas polo Instituto Galego da Vivenda e Solo e o Concello de Vigo*

Notificar o presente acordo á beneficiaria da subvención Dna Alicia Alfaya Alfaya para os efectos previstos no artigo 58 da Lei 30/1992 de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, na súa redacción dada pola Lei 4/1999 de 13 de xaneiro.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(1491).- SEGUNDA ADDENDA DA PRÓRROGA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE E O CONCELLO DE VIGO PARA DESENVOLVEMENTO DOS PROGRAMAS E SERVIZOS DE TRATAMENTO DE DROGODEPENDENZAS- ANO 2006. EXPTE. 17687/301.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe do Sector de Acción Social, do 11.10.06, conformado pola delegada da Área de Participación Cidadá, que di o seguinte:

Con data 30/01/06 a Xunta de Goberno Local, a instancias da Consellería de Sanidade a través do Plan Autonómico sobre drogodependencias, aprobou o desenvolvemento dos programas e servizos que realiza o Concello no presente ano 2006, así como a prorroga dos convenios subscritos sobre o particular no 2005.

A Excm. Conselleira de Sanidade, e a Sra. Delegada da Área de Participación Cidadá subscribiron a prorroga do convenio, fixando como contraprestación, nunha primeira addenda a cantidade de 349.970,21€, addenda da que quedou enterada a Xunta de Goberno Local de data 12/06/06.

Con data 01/09/06 a Excm. Conselleira de Sanidade e a Sra. Alcaldesa subscribiron a 2ª addenda por un importe de 179.437,59 euros.

Para que se proceda ó ingreso da subvención se precisa a aprobación correspondente.

Por todo isto, á Xunta de Goberno Local propónselle a adopción do seguinte acordo:

“Quedar enterada da 2ª addenda da prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Concello de Vigo, para o desenvolvemento dos programas e servizos de tratamento de drogodependenzas para o ano 2006 por un total 179.437,59 euros”

Non obstante a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais oportuno.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada da 2ª addenda da prórroga do convenio de colaboración entre a Consellería de Sanidade e o Concello de Vigo, para o desenvolvemento dos programas e servizos de tratamento de drogodependenzas para o ano 2006 por un total 179.437,59 euros.

15(1492).- PROXECTO DE CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO-REAL CLUB NÁUTICO DE VIGO PARA A CELEBRACIÓN DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS CON MOTIVO DO SEU CENTANARIO 2006. EXPTE. 6311/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 11.07.06, conformado pola concelleira da Área de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto do convenio para a celebración de diversas actividades deportivas nauticas no ano 2006 con motivo do seu centenario, entre o Concello de Vigo e o Real Club Náutico de Vigo, que se achega o presente expediente.

2º.- Aprobar o gasto de 72.000 euros a favor da entidade; Real Club Náutico de Vigo, con CIF: G-36612752. Con enderezo en Avenidas, s/n- Vigo 36210. (c/c: 0049-0557-78-2710046976 con cargo á partida 4521.489.00.01 do vixente orzamento, coa certificación e presentación da facturas orixinais ata completar a totalidade da cantidade prevista no presente convenio unha vez rematado o evento.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E O CLUB NÁUTICO DE VIGO PARA A CELEBRACIÓN DE DIVERSAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS CON MOTIVO DO SEU CENTENARIO- 2006.

No Concello de Vigo, a de do dous mil seis.

Dunha parte: D. Corina Porro Martinez, Alcaldesa de Vigo.

E doutra: D. Franco Cobas González, con DNI 35.889.951S, en nome e representación do Real Club Náutico.

Ámbalas dúas partes recoñécese mutuamente con capacidade e competencia para formalizar o presente Convenio.

EXPOÑEN :

Que en aras do interese social e deportivo que para a cidade de Vigo ten a realización de diversas probas deportivas nauticas e seguindo co impulso dado con motivo da celebración da Volvo Ocean Race no ano 2005 a concellería de Deportes ten previsto colaborar co R.C.Nautico de Vigo para a continuidade das mesmas e que con motivo do seu centenario o devandito club celebrara ao longo do ano 2006 diversas actividades como son: Semana do Atlántico, Circuito Internacional de Vela monotipo Clase Beneteau 25, Regata de The Head of the river race, XIV Bandeira Concello de Vigo de Traíñas, Campionato de España de Trainerillas, Campionato Galego de Optimist, I Open Campionato de España Match Race, Campionato de España de Snipe.

O Excmo. Concello de Vigo e o Real Club Náutico de Vigo conveñen a realización das mesmas, por ser Real Club Náutico de Vigo a única entidade con capacidade organizativa para afrontar estes eventos que teñen un claro interese publico, polo que se establecen as seguintes:

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA,- A lexislación aplicable a este convenio é a que sinala o artigo 5 da LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións; o Real Decreto 2225/1993, de 17 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do procedemento para a concesión de subvencións públicas, en canto non se opoña ó establecido na LXS; as normas de desenvolvemento da LXS que se aproben, nos termos da súa aprobación; as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para o ano 2006; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

En canto a subcontratación das actividades subvencionadas estarase conforme o establecido no artigo 29 da LXS.

O Real Club Náutico de Vigo para obter a condición de beneficiario deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 13 da LXS.

SEGUNDA: O Excmo. Concello de Vigo comprométese a:

2.1- Dar a conformidade á organización das probas: Semana do Atlántico, Circuito Internacional de Vela monotipo Clase Beneteau 25, Regata de The Head of the river race, XIV Bandeira Concello de Vigo de Traíñas, Campionato de España de Trainerillas, Campionato Galego de Optimist, I Open Campionato de España Match Race, Campionato de España de Snipe, a celebrar durante o ano 2006.

2.2,- A colaboración na organización dos medios necesarios para a instalación dun palco, instalación de megafonía, así como a cesión das instalacións deportivas municipais necesarias durante a data de celebración destas probas.

2.3.- Realizar o pagamento ao Real Club Náutico de Vigo da cantidade de 72.000 €, con cargo á partida 4521.489.00.01 “CONVENIOS SUBVENCIONS ACTIVIDADES DEPORTIVAS” do orzamento en vigor, en concepto de subvención das actividades relacionadas neste Convenio. O importe indicado, pagarase coa certificación dun técnico do servizo de Deportes e a presentación de facturas orixinais ou documentos equivalentes, unha vez rematadas todas as actividades.

2.4.- A xustificación da subvención, por parte do R.C. Nautico, farase en forma de conta xustificativa, ao abeiro do previsto no artigo 30 da Lei 38/2003 LXS, acreditándose os gastos realizados mediante facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente. A presentación da conta debera realizarse nun prazo máximo de 3 meses dende o remate da actividade subvencionada.

TERCEIRA.- O Real Club Náutico asume as seguintes obrigas:

3.1.-Organizar as seguintes probas náuticas : Semana do Atlántico, Circuito Internacional de Vela monotipo Clase Beneteau 25, Regata de The Head of the river race, XIV Bandeira Concello de Vigo de Traíñas, Campionato de España de Trainerillas, Campionato Galego de Optimist, I Open Campionato de España Match Race, Campionato de España de Snipe, a celebrar durante o ano 2006, asumindo a responsabilidade sobre os seguintes medios.

- a) Medios necesarios humanos e materiais para facilitar o acceso das embarcación.
- b) Embarcacións auxiliares para a regata.
- c) Coordinación sobre a sinalización do percorrido.
- d) Coordinación montaxe palco, megafonía, etc.
- e) Solicitar os permisos necesarios.
- f) Reunión e recepción delegados equipos.
- g) Actos de entrega de premios.
- h) Confección da Bandeira da proba.
- i) Asumir os pagamentos dos premios entre os vencedores segundo os datos do presente convenio.

3.2.- En toda a información e publicidade do Evento figurará o logo da Concellaría Deportes. Asemade, onde se celebre o evento figurará unha pancarta da Concellaría de Deportes.

3.3.- Cumprir todas as normas establecidas no clausurado do convenio

3.4.- Todos os medios de promoción e difusión, deberán empregar o galego como Idioma oficial nestes eventos deportivos.

3.5.- Responder da veracidade dos datos da solicitude

CUARTA: O seguimento das actividades recollidas neste Convenio, será realizado pola Concellaría de Deportes do Excmo. Concello de Vigo,

A Concellaría de Deportes, aportará os medios necesarios para a coordinación das necesidades derivadas do cumprimento do presente convenio, así como o seguimento das tarefas de organización.

A aceptación por parte do R.C. Náutico de Vigo da subvención implica as obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades deportivas sen fins de lucro.

O órgano instrutor poderá solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

Unha vez concedida a subvención, o Concello de Vigo a través dos seus servicios municipais, poderá comprobar o correcto destino da subvención, procedendo de se lo caso, á revogación da subvención outorgada e a inhabilitación da entidade, para os efectos de non poder volver a solicitar axudas do Concello de Vigo.

A concesión da subvención implica a aceptación por parte dos adxudicatarios das obrigas sinaladas no dito artigo 14 da LXS.

QUINTA: A vixencia do presente convenio é para a realización das seguintes probas indicadas neste Convenio, a desenvolver ao longo do ano de 2006.

SEXTA: A Concelleira delegada da area de Promoción Económica e Desenvolvemento Local queda facultada para solucionar posibles controversias derivadas da execución e interpretación do convenio.

SÉTIMA: As causas de reintegro da subvención será as que se determina no artigo 37 da LXS.

OITAVA: O R.C.Náutico deberá comunicar o Concello de Vigo calquera subvención que reciba para a organización das devanditas probas.

Así o conveña no lugar e data no encabezamento expresados e asinan por duplicado o presente documento.

16(1493).- RECOÑECIMIENTO DE CANTIDADE EN CONCEPTO DE INVESTIMENTOS EFECTUADOS POR AQUALIA CON CARGO ÓS INGRESOS OBTIDOS POR COTAS DE ENGANCHE. EXPTE. 100894/140.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta do xefe de Servizo de Investimentos, do 11.10.06, conformado polo conselleiro delegado de Servizos Xerais, a Xunta de Goberno local que di o seguinte:

Con data 29 de abril de 2004 a entidade concesionaria do servicio de abastecemento e saneamento (AQUALIA) presentou no Rexistro Xeral deste concello a oportuna solicitude para o recoñecemento dos investimentos efectuados pola dita empresa, con cargo os ingresos obtidos en concepto de cotas de enganche.

A cota unificada de enganche esta debidamente recollida na Ordenanza Fiscal Reguladora das taxas pola "Prestación de servicios de subministración de auga potable, rede de sumidoiros, saneamento e depuración de augas residuais", tipificándose como un ingreso realizado por aqueles usuarios, que dispoñan de acometida, que houbera sido executada directamente pola entidade concesionaria (plan de investimentos), pola administración municipal ou que a súa implantación se derive dun proxecto financiado pola Comunidade Autónoma ou outros organismos de carácter público.

Con arraxo a definición que das "cotas de enganche" esbózase no parágrafo precedente, debe entenderse que a administración municipal, a través da dita exacción, pretende recuperar os investimentos efectuados nas redes de abastecemento e saneamento e cos ingresos obtidos destinalos a actuacións de natureza inversora, consistentes na ampliación e mellora das infraestructuras actualmente existentes.

En tal sentido debe entenderse o acordo adoptado polo Pleno desta Corporación Municipal en sesión de data 13 de decembro de 1997 que, a proposta desta xefatura establece o procedemento de regulación dos ingresos obtidos pola concesionaria en concepto de cotas de enganche e especificamente establece que o importe íntegro das mesmas destinarase ó financiamento dos proxectos de infraestructura de abastecemento e saneamento (incluídos os de mellora e renovación).

En consonancia co anteriormente exposto os ingresos obtidos pola concesionaria en concepto de cotas de enganche non son necesarios para equilibrar a retribución da concesión, que conta para isto cos ingresos ordinarios, devengados con carácter bimestral como consecuencia do consumo de auga potable e a eliminación de augas residuais segundo as tarifas progresivas (por escalóns de consumo) recollidas na Ordenanza Fiscal Reguladora.

O recoñecemento de investimentos que nos ocupa foi analizado por esta xefatura, a través da esixencia da seguinte documentación administrativa:

- *Título do proxecto*
- *Encargo do traballo ou adxudicación*
- *Certificación do pagamento efectivamente realizado*
- *Informes técnicos*
- *Informe da auditoría xustificativa do investimento*
- *Importe do investimento*

No anexo adxunto analízase a documentación xustificativa do recoñecemento dos investimentos que se propoñen, facéndose constar que os pagamentos dos importes dos diferentes proxectos foron feitos efectivos os contratistas, e que ben a entidade auditora independente GOC ou a propia entidade concesionaria certifica que as obras se executaron segundo proxecto e a plena satisfacción.

De conformidade co que antecede esta xefatura propón a esa Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo: Recoñecer a cantidade de 4.813.223,98€ en concepto de investimentos efectuadas pola entidade concesionaria con cargo os ingresos obtidos por cotas de enganche, o amparo do acordo plenario de data 13 de decembro de 1997 e que se corresponde coas actuacións que se explicitan no xa mencionado anexo.

Acordo

A Xunta de Goberno local, de conformidade co precedente informe, acorda:

Recoñecer a cantidade de 4.813.223,98€ en concepto de investimentos efectuadas pola entidade concesionaria con cargo os ingresos obtidos por cotas de enganche, o amparo do acordo plenario de data 13 de decembro de 1997 e que se corresponde coas actuacións que se explicitan no seguinte anexo.

TITULO PROXECTO	ENCARGO DE TRABAJO OU ADXUDICACIÓN	CERTIFICACIÓN DO PAGO EFECTIVAMENTE REALIZADO	INFORMES TÉCNICOS	INFORME DA AUDITORÍA XUSTIFICATIVA DA INVERSIÓN	IMPORTE INVERSIÓN €
Anuncio cotas de enganche. Gastos de publicidade. Prensa	Concejal 1/3/00	Facturas (Varias)	////	Fotocop. Prensa	4.900,65
Acometidas de abast. e snto. na Crta do Bao, 100	////	Certificado 27/5/04	Inxeñeiro Vias e Obras 3/6/05	GOC 8/6/2004	2.498,56
Expropiacións do proxecto PIC-7798 "Snto. Pereiriñoa". Gastos Publicidade	C.X.U. 2/9/99	Facturas (Varias)	////	Fotocop. Presa y BOP	6.198,84
Saneamento no camiño de Sixtos-Barreiro	////	Certificado 12/4/04	Inxeñeiro Vias e Obras 3/6/05	GOC 20/5/2004	22.623,37
2º Plan de snto. no rural. Redacción dos proxectos	Mesa C. 10/2/00	Certificado 4/10/06	////	Aqualia 7 y 22/06/00	533.457,61
2º Plan de snto. no rura. Gastos de publicidade	////	Facturas varias	////	Fotocop. Presa y BOP	19.740,44
Redacción proxectos "Modificacións na rede de snto. por Túnel del Arenal"	C.X.U. 21/2/02	Certificado 27/5/04	////	////	59.967,48
Saneamento de Seixo. Cstreliños e Ponte Baixada o Pontillón	Mesa C. 20/6/01	Certificado 12/4/04	Inxeñeiro Vias e Obras 3/6/05	GOC 3/5/2004	50.808,48
Ampliación do saneamento na parroquia de San Xoan Poulo Fases I e II	Mesa C. 20/6/01	Certificado 12/4/04	Inxeñeiro Vias e Obras 3/6/05	GOC 8/2/2004	193.122,24
Ampliación do saneamento na Parroquia de Candean	Mesa C. 20/6/01	Certificado 12/4/04	Inxeñeiro Vias e Obras 3/6/05	GOC 8/2/2004	88.441,55
Construcción de acometidas de saneamento na Garrida-Valladares	Mesa C. 20/6/01	Certificado 12/4/04	Inxeñeiro Vias e Obras 3/6/05	GOC 31/5/2004	200.380,30
Honorarios Dirección de Obra proxectos cofinanciados con Fondos Europeos	C.G. 10/6/02	Certificado 4/10/06	Inxeñeiro Vias e Obras 5/6/02	Recp.obra 21/11/03	285.130,93
Honorarios Dir. De obra proxectos modificados cofinanciados Fondos Europ.	C.G. 9/6/03	Certificado 4/10/06	Inxeñeiro Vias e Obras 11/4/03	Recp.obra 21/11/03	70.316,84
Ampliación do saneamento da parroquia de Castrelos	ConvPleno 25/3/03	Certificado 12/4/04	Inxeñeiro Vias e Obras 3/6/05	GOC 31/5/2004	351.104,33
Ampliación do saneamento da parroquia de Sárdoma	ConvPleno 25/3/03	Certificado 12/4/04	Inxeñeiro Vias e Obras 3/6/05	GOC 31/5/2004	592.623,76
Ampliación do saneamento da Parroquia de Alcabre (Cño. Forte)	ConvPleno 25/3/03	Certificado 12/4/04	Inxeñeiro Vias e Obras 3/6/05	GOC 31/5/2004	137.469,07
Eliminación verquidos na Parroquia de Lavadores	ConvPleno 25/3/03	Certificado 12/4/04	Inxeñeiro Vias e Obras 3/6/05	GOC 20/5/2004	313.899,34
Saneamento do camiño Barroca (Navia)	ConvPleno 25/3/03	Certificado 12/4/04	Inxeñeiro Vias e Obras 3/6/05	GOC 31/5/2004	128.850,99
Ampliación do saneamento da Parroquia de Cabral	ConvPleno 25/3/03	Certificado 12/4/04	Inxeñeiro Vias e Obras 3/6/05	GOC 20/5/2004	1.554.223,68
Inventario de Redes veciñais de saneamento no rural	Concejal 2/12/02	Certificado 27/5/04	////	Aqualia 20/5/03	19.600,00
Redacción estudio de viabilidade para novo depósito en Carballal (Cabral)	////	Certificado 27/5/04	////	Aqualia 7/4/03	548,30
Redacción do proxecto para novo depósito na Presa (Beade)	Concejal 24/2/02	Certificado 27/5/04	////	Aqualia 10/7/03	3.790,82
Redacción proxecto complementario da ampliación do snto. en Cabral	////	Certificado 27/5/04	////	Aqualia 7/4/03	6.847,80
Acometida de snto. en Eira,40 (Canadelo Baixo) Orzamento nº 2002/14	Concejal 19/3/03	Certificado 27/5/04	Inxeñeiro Vias e Obras 3/6/05	GOC 8/6/2004	2.098,51
Acometida de snto. Montero Rios,12 Orzamento nº 2003/129	Concejal 25/2/03	Certificado 27/5/04	Inxeñeiro Vias e Obras 3/6/05	GOC 21/6/2004	2.326,24
Colector de snto. no Cño. Balada (Portal-Senra-Valladares)	Concejal 30/5/03	Certificado 27/5/04	Inxeñeiro Vias e Obras 3/6/05	GOC 8/6/2004	9.784,55
Prolongación abast. e snto. ata nova Residencia Asistida do Meixoeiro	X.G.L. 15/3/04	Certificado 27/5/04	Inxeñeiro Vias e Obras 3/6/05	GOC 21/6/2004	97.412,94
Redacción do proxecto de Automatización do Colector de Marxen de Ría	Xefe Inve.9/6/04	Certificado 27/5/04	////	////	6.566,88
Redacción do proxecto de sanamento de Bembrive	X.G.L. 19/7/04	Certificado 4/10/06	////	Aqualia 31/5/2004	11.347,28
Colector de Ameixeira (Alcabre)	Cumpl. sentencia	Certificado 4/10/06	Inxeñeiro Vias e Obras 3/6/05	GOC 23/6/2004	37.142,20
TOTAL					4.813.223,98

17(1494).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE VIGO E CAIXANOVA, EN MATERIA DE OBRA SOCIAL DE CAIXANOVA, EN APOIO Ó FOMENTO DO USO DAS NOVAS TECNOLOXÍAS. EXPTE. 1078/321.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 28.09.06 e de acordo co informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 18.09.06, conformado pola delegada do Goberno da Área de Participación Cidadá, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o proxecto de convenio de colaboración, que se contén no expediente, entre o Concello de Vigo e a “Caixa de Aforros de Vigo, Ourense e Pontevedra, CAIXANOVA” en materia de obras social de Caixanova, en apoio ó fomento do uso das novas tecnoloxías.

18(1495).- DAR CONTA DO ESCRITO DE D. MIGUEL GARCÍA-GESTO FRAGA EN REPRESENTACIÓN DE ARTENOSA PUBLICIDADE S.L. SOBRE O CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN DA INSTALACIÓN, MANTEMENTO E EXPLOTACIÓN PUBLICITARIA DE MARQUESINAS DE PARADAS DE AUTOBÚS, SOPORTES ESTÁTICOS E OUTROS ELEMENTOS DE USO PÚBLICO. EXPTE. 72280/210.

A Xunta de Goberno local retira este expediente para que se emita informe da Asesoría Xurídica sobre a competencia deste órgano de goberno para decidir sobre a admisión da oferta solicitada no escrito de referencia.

19(1496).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA PARCELA 500 DA AVDA. DE SAMIL. EXPTE. 9272/240.

A Xunta de Goberno local retira este expediente para que se emita informe da Asesoría Xurídica sobre a obrigatoriedade de realizar a adxudicación da referida parcela.

20(1497).- MODIFICACIÓN DO HORARIO DE ENTREGA DAS OFERTAS NO REXISTRO XERAL NOS PROCESOS LICITATORIOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 1477/241.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 18.10.06, que di o seguinte:

Nos procesos de licitación que convoca o concello véñense producindo incidencias relacionadas coa hora de recepción de ofertas, así nos pregos de condicións o horario para a presentación remata as 13 horas, cando o horario do Rexistro se estende ata as 13,30 horas o que provoca confusión en moitos licitadores, así como

problemas entre os funcionarios do Rexistro para determinar que persoas se atopaban na cola do Rexistro antes de rematar o prazo para presentar ofertas.

Para evitar esta circunstancia é necesario que o horario de presentación de ofertas no Rexistro Xeral sexa o mesmo que o horario de apertura de dita oficina, ademais así resulta moito máis fácil determinar se os licitadores presentan as súas ofertas dentro do prazo.

O novo horario xa se esta a poñer nos pregos de condicións de nova redacción, pero os procedementos xa publicados ou con unha tramitación máis avanzada sigue figurando a hora límite para presentación de ofertas a das 13 horas, co que esta circunstancia pode xerar problemas e confusión no Rexistro Xeral á hora de recoller as plicas presentadas.

Para evitar a existencia de dous horarios distintos de presentación, proponse a Xunta de Goberno Local do concello de Vigo, a adopción do seguinte acordo:

1º.- Fixar como horario para a presentación de ofertas nos procesos de licitación que convoque o concello de Vigo o de 09,00 horas a 13,30 horas de luns a Venres e de 09,00 horas a 13,00 horas os Sábados, este horario deberá incluírse nos novos pregos de cláusulas administrativas que se redacten a partires de este acordo.

2º.-Este horario será de aplicación tamén a tódolos procedementos licitatorios actualmente en tramite, incluso os xa publicados nos boletíns oficiais.

3º.- Publíquese anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra no que se de conta da ampliación dos horarios e notifíquese o acordo as Oficinas de Rexistro Xeral, Información Xeral, Vías e Obras e Patrimonio e Contratación.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

21(1498).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE VESTIARIO PARA O PERSOAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 11825/444.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 9.10.06 e de acordo co informe-proposta do xefe de negociado de Contratación, do 11.10.06, conformado polo concelleiro da Área de Xestión municipal e o interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar o gasto 789.793 euros euros para a subministración de vestiario para o persoal do Concello de Vigo período 2006-2007 que se imputarán 340.488 euros ó ano 2006 e 449.305 ó ano 2007 conta a partida presupuestaria 1210.221.04.00 ou a súa bolsa de vinculación.

2º.- Aprobar o prego tipo de cláusulas administrativas particulares para a contratación de subministracións polo excmo. Concello de Vigo xunto coa Folla de Especificacións do Contrato (FEC) e o prego de prescripción técnicas para a subministración de vestiario para o persoal Concello de Vigo período 2006-2007.

3º.- Convocar a licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente mediante tramitación ordinaria.

22(1499).- CESIÓN DE LOCAL NA RÚA ROMIL PARA A ASOCIACIÓN DE XORDOS DE VIGO. EXPTE. 17865/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Unidade de Patrimonio, do 5.10.06, conformado polo xefe de Réxime Interior e o concelleiro delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO.- Pola Asociación de Xordos de Vigo, solicítase en data 6.06.2006, a cesión en uso do local (local b) sito na Rúa Romil nº 22-24 baixo, desta cidade de Vigo, colindante co ocupado na actualidade por dita asociación, e motivado pola necesidade de destinalo a salón de actos e aulas de formación..

SEGUNDO: Na instrucción do expediente leváronse a cabo os seguintes trámites:

- *Informe da oficina de Planamento de 12/07/2006.*
- *Informe da Intervención Xeral de 04/09/2006.*
- *Informe do Servizo de Participación Cidadá de 12/06/2006 e 16/06/2006.*

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- O concello é titular do local en planta baixa do inmòbel sito no nº 22-24 da Rúa Romil desta cidade de Vigo, adquirido á Cooperativa de Vivendas de Funcionarios no ano 1981 mediante escritura pública autorizada polo Notario D. José Luis Espinosa Anta, dunha superficie de 479 m2, e de alta baixo o núm. de propiedade 000175 no Inventario Municipal de Bens e Dereitos aprobado por acordo plenario de 4 de maio de 1993.

Por acordo da Xunta de Goberno Local de 31.01.2005 ,efectuouse unha división do local, dividíndoo en dous coa seguinte descripción resultante:

Superficie total do local propiedade nº 000175.-= 447,00 m2

Local A

Superficie Local 361.00 m2

Lindeiros Local A: Norte.- Local B e entrada portal comunidade de propietarios a Rúa Romil, 22-24

Sur.- Comunidade de propietarios Rúa Romil,26

Leste.- Rúa Romil

Oeste.- Propiedade municipal nº 000173 comunidade de

propietarios Rúa Pi y Margall, nº 69-71

Local B

Superficie local 86.00 m2

*Lindeiros Local B: Norte.- Solar propiedade do Concello de Vigo
Sur.- Local A
Leste.- Rúa Romil
Oeste.- Propiedade municipal nº 000173 comunidade de
Propietarios Rúa Pi y Margall, nº 69-71*

*A porcentaxe das superficies é a que segue: local A = 80.75%
local B = 19.25%*

SEGUNDO.- A Xunta de Goberno Local mediante acordo de 31.01.2005 cedeu gratuitamente e en precario á Asociación de Xordos de Vigo, o dereito de uso do local A, resultante da división aprobada, para destino aos fins propios dos seus estatutos e, en particular, aqueles programas e actividades de interese xeral de carácter social, lúdico e cultural que anualmente desenvolve a entidade en beneficio dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños da cidade. Formalizándose en documento administrativo asinado ó 28.09.2005

TERCEIRO.- O Servizo de Participación Cidadá, coa conformidade da Concelleira delegada da Area, sinala en data 16.06.2006 "...dado que o mesmo é de suma importancia para atender as súas necesidades tanto na práctica de reunións, xuntanzas e assembleas ..., como para as múltiples e relevantes actividades que realizan, e considerando oportuna dita cesión, a cal engadirase ao local A, ..., rogo procedan previos os trámites oportunos a efectuar a mesma.."

CUARTO.- As Entidades Locais teñen plena capacidade xurídica para a xestión e enaxenación do seu patrimonio recoñecendoselle polo regulamento xurídico a facultade de cesión gratuita dos seus bens patrimoniais á Entidades ou Institucións Privadas de interese público sen ánimo de lucro, e para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal. (artigo 276 da lei 5/97 da Administración local de Galicia e artigo 109 e seguintes do RD 1372/86 de Bens das Entidades Locais)

No presente caso, atopámonos ante un suposto que daría lugar á ampliación da superficie cedida no seu día á Asociación solicitante, vencellando a nova, correspondente o local B, aos mesmos fins e condicións que as xa outorgadas para o local A pola Xunta de Goberno Local o 31.01.2005.

QUINTO.- Resulta competente para a adopción do acordo de cesión gratuita en precario do uso do devandito local, e nas condicións que se sinalan na proposta que de seguido formulase, a Xunta de Goberno Local de conformidade co disposto no artigo 127.1f da Lei 7/85 Reguladora das Bases de Réxime Local trala súa modificación introducida por Lei 57/2003

Polo anteriormente exposto faise á Xunta de Goberno local a seguinte proposta:

1º Modificar o acordo de cesión gratuita e en precario do dereito de uso do Local A na pranta baixa do edificio nº22-24 da rúa Romil, adoptado pola Xunta de Goberno Local o 31.01.2005 á prol da Asociación de Xordos de

Vigo, ampliando a superficie cedida, o local B colindante, de 86.00 m2, mantendose no demais as mesmas condicións e cláusulas nas que foi outorgada.

2º.-O presente acordo formalizárase en documento administrativo no prazo de 30 días, e incorporárase como adenda o contrato de cesión asinado en data 28.09.2005

3º.- Efectuar as rectificacións nos asentos rexistráís do Inventario Municipal de Bens e Dereitos á que dea lugar o presente acordo.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

23(1500).- RECLAMACIÓN DE D^a. PEREGRINA NOVAS CORES DE RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL POR DANOS. EXPTE. 445/243. ESTIMADA.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 8.10.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

Antecedentes:

Dna. Peregrina Novas Cores presenta reclamación de responsabilidade patrimonial, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello de 31 de decembro de 2004, no que expón que o día 02 de febreiro de 2004, mentres camiñaba pola rúa García Barbón, á altura do cruce coa rúa Oporto, tivo unha caída, por mor dunha baldosa que se atopaba rota e desnivelada, producíndose danos de carácter físico.

A reclamación sustanciase a través do correspondente procedemento, realizándose, entre outros, os seguintes trámites:

- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 03/02/2005, manifestando que a zona atopábase en perfecto estado de conservación.*
- Ditame estimatorio para valoración de danos corporais da asesoría médica do Concello, que cuantifica os mesmos en 3.940,27 euros.*
- Informe do servizo de Vías e Obras, con data 14/07/2005, manifestando que a zona do accidente fora reparada a finais de 2004.*
- Práctica de proba testifical, con data 17/08/2005, á testemuña proposta pola reclamante, que confirma os extremos alegados pola Sra. Novas.*
- Evacúase trámite de audiencia á reclamante, con data 22/08/2005, que non formula alegacións.*

Fundamentos de dereito:

Os artigos 106.2 da Constitución Española e 139.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións públicas e do Procedemento administrativo común consagran o principio de responsabilidade patrimonial das Administracións públicas, consonte o cal os particulares terán dereito a ser indemnizados por

estas, de toda lesión que sufran en cualquiera dos seus bens e dereitos, salvo nos casos de forza maior, sempre que a lesión sexa consecuencia do funcionamento, normal ou anormal, dos servizos públicos.

Constitúen requisitos xerais precisos para que a acción de responsabilidade patrimonial prospere e, en consecuencia, o perxudicado teña dereito a ser indemnizado, de acordo co disposto no artigo 139 da Lei 30/1992:

- a) A efectiva realización dun dano ou lesión antixurídica, avaliabel economicamente e individualizado en relación cunha persoa ou grupo de persoas.*
- b) O dano ou lesión debe producir no patrimonio do particular lesionado un prexuízo antixurídico que este non teña o deber de soportar, por non mediar causa ningunha que o xustifique.*
- c) Que a lesión patrimonial sexa consecuencia do funcionamento normal ou anormal dos servizos públicos.*
- d) Que non sexa produto de forza maior.*

Da instrucción do expediente, dedúcese que concorren os requisitos reseñados, polo que procede estimar a reclamación presentada.

No que respecta á contía dos danos, esta ha de ser a ditaminada pola Asesoría médica do Concello (3.940,27 euros), sobre a que a reclamante non formula ningunha alegación en trámite de audiencia e da que ha de se facer cargo o Concello, ó non se sobrepasar a franquía estipulada na póliza de responsabilidade civil suscrita coa compañía Mapfre Industrial.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

“Estimar a reclamación de responsabilidade patrimonial presentada por Dna. Peregrina Novas Cores polo accidente ocorrido o día 2 de febreiro de 2004 na rúa García Barbón e indemnizala na contía de 3.940,27 euros, correspondentes ós danos físicos por ela sufridos.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

24(1501).- ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE BEIRRARRÚAS EN DIVERAS RÚAS DA CIDADE. 5 LOTES. EXPTE. 49630/250.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación realizada o 16.10.06, conformada polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adxudicar a Construcción Obras e Viais, S.A.. a execución das obras do lote 2 “construcción de beirarrúas na rúa Areeiro-Lavadoress”, lote 3 “construcción de beirarrúas da rúa Cesareo Vázquez” e lote 4 “construcción de beirarrúas da rúa “Saa Beade” Expte. 49630/250 por uns importes respectivos de 73.842 euros, 42.447,24 e 57.168 euros, todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 17.07.2006 e a oferta presentada.

2º.- Adxudicar a Obras y Construcciones Dios, S.A. a execución das obras do lote 1 “construcción de beirarrúas da rúa Portoloureiro- Castrelos” Expte. 49630/250 por un importe de 90.960 euros, todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 17.07.2006 e a oferta presentada.

3º.- Adjudicar a Movex Vial, S.L. a execución das obras do lote 5 “construcción de beirarrúas da rúa Carrasqueira-Coruxo” Expte. 49630/250 por un importe de 115.216 euros, todo iso de acordo cos proxectos e o prego de condicións aprobado por acordo da Xunta de Goberno de 17.07.2006 e a oferta presentada.

25(1502).- CORRECCIÓN DAS BASES PARA A SELECCIÓN DO POSTO DE TESOURERIO MUNICIPAL POLO SISTEMA DE LIBRE DESIGNACIÓN. EXPTE. 16629/220.

Examinadas as actuacións do expediente dáse conta do informe-proposta da xefa da Área de Réxime Interior, do 16.10.06, que di o seguinte:

Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de agosto de 2006, aprobouse a convocatoria e bases de selección que rexerán a provisión do posto de Tesoureiro Municipal polo sistema de libre designación; acordo que foi remitido en cumprimento do art. 28 do Real decreto 1732/1994, de 29 de xullo á Consellería de Presidencia, Administración Pública e Xustiza-Dirección Xeral de Administración Local, a que por escrito de data 4 de outubro, con entrada no Rexistro Xeral do Concello de data 10 de outubro de 2006, comunícanos a necesidade de subsanar as bases primeira e terceira no referente á mención da “categoría superior” para o posto de Tesourería; literalmente informa:

“De conformidade co previsto no art. 2.f) do Real decreto 1732/1994, o posto de Tesourería resérvase a funcionarios da subescala de Intervención-Tesourería, sen embargo neste precepto non consta que os funcionarios con habilitación nacional que poden acceder ao citado posto pertencen á categoría de entrada Superior, provisión que si se contén expresamente no que respecta aos postos de Secretaría e Intervención .

En coherencia co exposto, de acordo cos antecedentes obrantes nesta Consellería, órgano competente para a clasificación dos postos a cubrir por funcionarios de administración local con habilitación nacional, a tesourería do Concello de Vigo, ao igual que as restantes tesourerías, figura reservada a funcionarios pertencentes á subescala de intervención-tesourería, sen distinción respecto á categoría de entrada ou superior.”.

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- A corrección das bases Primeira e Terceira de dita convocatoria nos termos esixidos pola Dirección Xeral de Administración Local, suprimindo a referencia a “categoría superior”.

En consecuencia as bases Primeira e Terceira quedarán redactadas nos seguintes termos:

“PRIMEIRA.- OBXECTO.

As presentes bases teñen por obxecto rexe-la convocatoria para cubrir polo sistema de libre designación previsto no art. 99.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de réxime local, art. 27 e seguintes do Rd 1732/1994, do 29 de xullo, sobre provisión de postos de traballo dos funcionarios de Administración local con habilitación de carácter nacional, segundo redacción dada polo Rd 834/2003, de 27 de xuño, o posto de tesoureiro reservado a funcionario da escala de habilitación de carácter nacional, subescala de intervención-tesourería.

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

Será requisito indispensable para concorrer á convocatoria e poder desenvolve-lo posto no caso de ser nomeado o estar integrado na escala de habilitación nacional, subescala Intervención-Tesourería. A titulación esixida é licenciado en dereito, licenciado en administración e dirección de empresas, licenciado en economía, licenciado en ciencias actuariales e financeiras.

Non poderán concorrer a convocatoria os funcionarios que se atopen nas situacións previstas no art. 18.3, apartados a), b) e c), do Rd 1732/1994, sobre provisión de postos de traballo reservados a funcionarios de administración local con habilitación de carácter nacional.

En consideración a natureza do sistema de provisión, o nomeamento realizarase discrecionalmente pola Alcaldía en atención os méritos libremente aportados polos candidatos, podendo declararse deserta a convocatoria se así o considerase oportuno. Non obstante, terase en especial consideración a experiencia noutros postos de traballo de similares características.”

Segundo.- *Comunica-lo presente acordo á Dirección Xeral de Administración Local a fin de proseguir coa tramitación da presente convocatoria e bases de selección do posto de Tesoureiro polo sistema de libre designación.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

26(1503).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO EN COMISIÓN DE SERVICIOS DE D^a SONIA LORENZO SANTOS E ADSCRICIÓN AO SERVIZO DE PATRIMONIO. EXPTE. 16563/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da resolución da Alcaldía de data 11.10.06, sobre o asunto de referencia, que di o seguinte:

Con data 11 de xullo de 2006, pola Alcaldía-Presidencia ordease á Unidade de Persoal a tramitación da solicitude de comisión de servizos da funcionaria pertencente ao corpo superior da Xunta de Galicia D^a Sonia Lorenzo Santos para que se proceda á cobertura temporal dun dos postos base de técnico de administración xeral vacante no Servizo de Contratación deste Concello, dadas as necesidades e o volume de traballo no referido servizo.

Con data 12 seguinte, de conformidade co disposto no art. 64 do Real decreto 364/95, do 10 de marzo, en concordancia co art. 4.2 do Decreto 92/1991, de 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento de situacións administrativas dos funcionarios da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e na Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia, solicítase informe en relación coa Comisión de Servizos de dita funcionaria por esta Alcaldía-Presidencia.

Con data 11 de outubro de 2006, recíbese da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza informe favorable, datos completos do posto de traballo de orixe e cese no seu posto con data 10 de outubro.

Por isto, en uso das facultades que me confire o art. 21.1.h, da Lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local,

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear en Comisión de Servicios a Dª Sonia Lorenzo Santos, DNI 36.041.995-Y, funcionaria de carreira de Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, pertencente o corpo superior de dita administración.

Segundo.- Adscribi-la ó posto nº 46, técnico de administración xeral, no servizo de Patrimonio e Contratación, código 240.

Terceiro.- Desempeñará as funcións propias do seu posto de traballo no negociado de contratación, de conformidade coas bases de provisión

A duración da presente comisión de servicios será coma máximo por un ano, prorrogable ata un ano máis

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

27(1504).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A CONSTRUCCIONES VIPOMAR S.L. POR PERMISO DE CIRCULACIÓN DE CAMIÓN POLA RÚA ARNELA. EXPTE. 48157/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 6.10.06, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data 22 de xuño de 2004 e con número de documento 40065217, solicitouse permiso de circulación a r/ Arnela s/n. para acceder con camións de ata 18 Tm., para aceder as obras con licencia – 45031/421, construción de (9) vivendas unifamiliares adosadas. A Policía Local remitíu oficio con núm. de expediente 17869/2004, onde nos solicitan informe coas condicións, previa a concesión do permiso de circulación. Informado por iste servizo con data 23 de xuño de 2004, indícase que non existe inconveniente en acceder o solicitado, debendo condicionar o mesmo, ó depósito dunha fianza de (15.000 € - quince mil euros), polos danos que se poideran ocasionar o patrimonio municipal, fianza que foi depositada na Tesourería municipal, con núm. de operación 200400030832 de data 25-06-2004.

Solicitada a devolución da fianza con data de entrada no Rexistro Xeral de, 17-02-2006 e número de documento 60017795, procedeuse a facer unha visita de inspección con data 04-10-2006 e comprobouse que o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que se PROPON:

Proceder á devolución da fianza de (15.000 € – quince mil euros), a favor de CONSTRUCCIONES VIPOMAR, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de (15.000 € – quince mil euros), a favor de CONSTRUCCIONES VIPOMAR, S.L.

28(1505).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A SÁNCHEZ ALVAREZ S.L. POLO PERMISO DE OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA CUN VALADO NA PRAZA DE COMPOSTELA Nº 21. EXPTE. 50196/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 6.10.06, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data 04 de abril de 2006, autorizouse a SÁNCHEZ ALVAREZ, S.L. CONSTRUCCIONES CONDE, S.A. a ocupación da vía pública cun valado de 25 m2. na Praza de Compostela, 21, con número de expediente – 48694-250.06, para obras con licencia núm. 44744/421 - desmontaxe da fachada e construción edificio. Constituindo unha fianza de (3.000 € - tres mil euros), polos posibles danos no pavimento, que foi depositada con número de mandamento de ingreso 200600014826.

Solicitada a devolución da fianza unha vez rematadas a ocupación do dominio público, con número de documento 60093708, con data de entrada no rexistro xeral de 06-09-2006. Remítese a inspección.

Na inspección feita con data 04 de outubro de 2006, indícase que o valado foi retirado e a efectos da devolución da fianza o pavimento quedou en perfectas condicións.

Polo que se PROPON:

Proceder á devolución da fianza de (3.000 € – tres mil euros), a favor de SÁNCHEZ ALVAREZ, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de (3.000 € – tres mil euros), a favor de SÁNCHEZ ALVAREZ, S.L.

29(1506).- DEVOLUCIÓN DE FIANZA A SÁNCHEZ ALVARES S.L. POLO PERMISO DE CIRCULACIÓN DE CAMIÓN POLA Á PRAZA DE COMPOSTELA Nº 21. EXPTE. 50240/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 6.10.06, conformado polo concelleiro delegado de Vías e Obras, que di o seguinte:

Con data 22 de marzo de 2006 e con número de documento 60031114, solicitouse permiso de circulación a Praza de Compostela, 21 , para acceder con camións de ata 26 toneladas, para vehículos formigoneiras e vehículos en xeral, para a carga e descarga da obra, con licencia – 44744/421. A Policía Local remitiu oficio con núm. de expediente 13453/2006 onde nos solicitan informe coas condicións, previa a concesión do permiso de circulación. Informado por iste servizo con data 07 de abril de 2006, indícase que non existe inconveniente en acceder o solicitado, debendo condicionar o mesmo, ó depósito dunha fianza de (9.900 € - nove mil novecentos euros), polos danos que se poideran ocasionar o patrimonio municipal, fianza que foi depositada na Tesourería municipal, con núm. de operación 200600033795 de data 11-07-2006.

Solicitada a devolución da fianza con data de entrada no Rexistro Xeral de, 13-09-2006 e número de documento 60095944, procedeuse a facer unha visita de inspección con data 04-10-2006 e comprobouse que o pavimento quedou en perfectas condicións.

*Polo que se **PROPON:***

Proceder á devolución da fianza de (9.900 € – nove mil novecentos euros), a favor de SÁNCHEZ ALVAREZ, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de (9.900 € – nove mil novecentos euros), a favor de SÁNCHEZ ALVAREZ, S.L.

30(1507).- PROPOSTA PARA A RENOVACIÓN DO COLECTOR DE SANEAMENTO QUE ATRAVESA O COLEXIO PÚBLICO CARRASQUEIRA. EXPTE. 50740/250.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta da proposta do concelleiro da Área de Servizos Xerais, do 18.10.06, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

Na actualidade o colector de saneamento que atravesa o Colexio Público Carrasqueira atópase colapsado de raíces como consecuencia da existencia das árbores plantadas sobre a súa traza no interior do colexio, o que imposibilita a súa limpeza e bo funcionamento, facendo necesaria a súa renovación.

Dacordo co presuposto adxunto da empresa concesionaria de saneamento, Aqualia, cuxo importe ascende a 12.615,29 _ (sen I.V.E engadido), axustándose aos prezos acordados no programa de inversións de abastecemento e saneamento; faise a Xunta de Goberno Local a seguinte

PROPOSTA:

Sexa solicitado a empresa concesionaria a realización das obras necesarias para a renovación do colector de saneamento que atravesa o Colexio Público Carrasqueira por un importe de 12.615, 29 _ (sen I.V.E. engadido), sendo financiadas estas obras con cargo a cuotas de enganche.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

31(1508).- ADXUDICACIÓN DE TRES BOLSAS PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS EN OFICINAS DE INFORMACIÓN E SERVIZOS TURÍSTICOS DE OUTUBRO DE 2006 A XUÑO DE 2007.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Turismo e Comercio, conformado pola concelleira de Promoción Económica e Desenvolvemento Local, Turismo e Comercio e polo interventor xeral, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Adjudicar as tres bolsas para a realización de prácticas nas oficinas de información turística municipal, ós/ás aspirantes que foron admitidos/as a esta convocatoria e que acadaron maior puntuación. Por orde de puntuación son:

APELIDOS E NOME	PUNTUACION	DNI
1.- Ana Sacarrera López	10,65 puntos	36.155.159X
2.- Emma Díaz López	10,00 puntos	34.261.744R
3.- Laura Baqueiro Alonso	9,00 puntos	53.171.768T

2º.- Declárase como lista de suplentes a seguinte:

1.- Silvia Garnil García	8,00 puntos
2.- María del Carmen González Méndez	7,30 puntos
3.- Lucía Paz Barros	6,90 puntos
4.- Vanesa Groba Troncoso	6,85 puntos
5.- Alberto Carballo Parcerio	6,50 puntos
5.- Marta Domínguez González	6,50 puntos
6.- Isabel Martínez Nieves	6,15 puntos
7.- Ana Balado Figueroa	6,00 puntos
7.- Natalia Barreira Hidalgo	6,00 puntos
8.- Olalla Eijo Casal	5,50 puntos
9.- Cristina Pena Gayo	5,25 puntos
10.- Lara María Comesaña Busto	5,10 puntos
11.- Consuelo Ferreira González	5,05 puntos
12.- Laura Rodríguez Lastre	5,00 puntos
13.- Iria Corral Prieto	5,00 puntos
13.- Patricia Bernárdez De Sá	5,00 puntos
14.- Andrea González Veleiro	4,50 puntos
15.- Saila Domínguez Pérez	4,15 puntos
16.- Carmen Susana Álvarez Álvarez	4,00 puntos
17.- Inés Boubeta Corrales	3,50 puntos
18.- Vanesa Ramos Rodríguez	2,10 puntos
19.- Olalla González Alonso	1,90 puntos
20.- Alicia López Sánchez	1,50 puntos
21.- Patricia Méndez Gago	0,60 puntos

22.- Sabrina Sabatés Torres

0,00 puntos

3º.- Aprobar o gasto de 18.000 € para a dotación económica das bolsas de formación, dos que 5.625 € serán imputados con cargo a partida orzamentaria 7510.4810000 “Transferencias a Familias e Institucións”, do presuposto actualmente en vigor para o ano 2006 (15 de outubro ó 31 de decembro) e o resto, 12.375 €, imputados a partida 7510.4810000 “Transferencias a Familias e Institucións” do exercicio do 2007.

4º.- Que se libre a xustificar a cantidade de 5.625 € -correspondentes os dous meses e medio que quedan ata finais de ano (15 outubro - novembro e decembro), con cargo á partida 7510 4810000, a favor de Don Carlos Soto, con D.N.I. 35.966.988 W, para proceder ó pagamento mensual das becas ata finais de ano. Que se ingrese esta contía na conta habilitada do Departamento de Turismo número 2080 0000 78 0040246105.

32(1509).- CONTRATACIÓN LABORAL-TEMPORAL, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE SEIS SUBALTERNOS PARA O SERVIZO DE CONSERXERÍA. EXPTE. 16730/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xerla do 23.10.06 e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización da Unidade de Persoal, do 20.10.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.-Contratar a Dª. Susana Mª. Ormíguez Pérez, , NIF 36.06.6.297-C, Dª. Mª. Antonia González Peinado, NIF 36.124.789-T, Dª. Susana Pena García, NIF 36.129.838-N, Dª Purificación García Romero, NIF 36.028.268-X, D. José Carlos Martínez López, NIF 36.094.531-X e Dª. Mª. Inmaculada Rodríguez Calvo, NIF 36.116.394-T, como ordenanzas-porteiros, que aceptaron expresamente, unha eventual contratación temporal por circunstancias da produción, por acumulacion de tarefas.

O periodo de contratación será de tres meses a iniciar o dia 26 de outubro de 2006, en xornada de traballo de mañan ou tarde, indistintamente, cun contrato eventual por circunstancias da produción por acumulación de tarefas, regulado polo R.D. legislativo 1/1995, Estatuto dos traballadores, art 8.2 e 15, Lei 63/97 e RD 272/98, de 18 de decembro.

2º.- Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización dos correspondentes contratos ós/ás candidatos/as propostos/as.

33(1510).- CONTRATACIÓN LABORAL-TEMPORAL, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DUN/DUNHA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A PARA O SERVIZO DE BENESTAR SOCIAL. EXPTE. 16729/220.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de Intervención Xerla do 23.10.06 e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización da Unidade de Persoal, do 23.10.06, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autorizar á Alcaldía Presidencia para formalizar dun contrato laboral temporal de auxiliar administrativo/a baixo a modalidade de acumulación de tarefas, contrato eventual por circunstancias da produción, regulado polo RD Lexislativo 1/1995, Estatuto dos Traballadores, art. 8.2 e 15, lei 63/97 e RD 2720/98, de 18 de decembro, por un período de tres meses (prorrogable por outros tres), co/a candidato/a que figure como primeiro reserva no proceso de selección autorizado por esta Xunta de Goberno Local na súa sesión de 4 de setembro pasado.

O/a traballador/ha seleccionado/a prestará ós servizos propios da súa categoría profesional no Servizo de Benestar Social, Cód.301 ou, se outras razóns urxentes o aconsellasen, a súa adscripción a outros servizos municipais demandantes destas contratacións, percibindo como retribución mensual, o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 138 da Relación de postos de traballo vixente.

Con carácter previo á formalización do correspondente contrato o/a aspirante deberán acredita-la correspondente titulación esixida para participar na convocatoria anteriormente referida

2º- Que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á formalización do correspondente contrato ó/a candidato/a proposto/ pola citada Comisión, sendo éste/a contratado/a baixo a modalidade contractual -contrato por acumulación de tarefas-, que está definida para atender esixencias circunstanciais por acumulación de tarefas, aínda que sexa tratándose da actividade normal (art. 15.1 ET e art. 1 e 3.1 do RD 2720/1998, de 18 de decembro, e o seu prazo contractual se establece como máximo en seis meses.

34 (1511).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, a Sra. presidenta rematou a sesión ás doce horas de cincuenta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Lucía Molares Pérez.